

RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico das instalacións do parque eólico Laxabranca, situado nos concellos da Lama (Pontevedra), Avión e Beariz (Ourense), e promovido por Laxabranca, S.L. (expediente IN408A/2020/016). DOG Núm. 138, de 20 de xullo de 2022. **Fin prazo para alegacións: 2 de setembro de 2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220720/AnuncioV0653-110722-0007_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
Parque Eólico Laxabranca	Laxabranca, S.L.	A Lama (Pontevedra) , Avión e Beariz (Ourense)	<ul style="list-style-type: none"> • 3 aerogeradores modelo Vestas V150 6,0 MW de potencia unitaria, con velocidade e paso variables, altura de buxa 105 m e 150 m de diámetro de rotor. • 3 centros de transformación, instalados unitariamente no interior da góndola de cada aerogerador, formados por transformadores de 7.000 kVA de potencia nominal e relación de transformación 0,720/30 kV, celas de 30 kV e os correspondentes equipos de protección, telemando e demais elementos auxiliares. • Centro de seccionamento e medida, con edificio de control equipos de seccionamento, medida, protección, telemando e demais elementos auxiliares. • O parque eólico Laxabranca compartirá con outros parques a subestación prevista para conexión á rede eléctrica denominada Subestación Colectora Suído 132/30 kV. A liña aérea será de tensión 132 kV desde a Subestación Colectora Suído 132/30 kV, para a conexión directa desta subestación cunha segunda subestación colectora principal denominada Subestación Colectora Paraño 400/132/30 kV, instalación común para o continxente de todos os parques con conexión final prevista na futura Subestación Beariz 400 kV de REE. As subestacións colectoras e as liñas de interconexión son obxecto de proxectos técnicos independentes. • A conexión do parque eólico coa subestación colectora realízase mediante un circuíto eléctrico soterrado a 30 kV, con condutor tipo AL RHZ1 18/30 3x (1x400).

De acordo co disposto polo artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación, relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución (marzo 2022), estudo de impacto ambiental (marzo 2022) e proxecto de interese autonómico (marzo 2022).